



## ECONOMÍA. O SISTEMA DE CONTAS NACIONAIS

### ACTIVIDADE: O PRODUTO INTERIOR BRUTO EN GALICIA

Os datos necesarios para poder responder as preguntas deste cuestionario están dispoñibles na seguinte ligazón: [http://www.ige.eu/estatico/educacion/FEIRA/Feira\\_2012.htm](http://www.ige.eu/estatico/educacion/FEIRA/Feira_2012.htm)

O Produto Interior Bruto (PIB) é o resultado da actividade produtiva dun país ou dunha rexión ao longo dun ano. Existen varias formas de calculalo:

- Pola vía do gasto:  $PIB = \text{consumo} + \text{inversión} + \text{exportacións} - \text{importacións}$
- Pola vía da renda:  $PIB = \text{soldos e salarios} + \text{beneficios das empresas} + \text{impostos}$
- Pola vía da produción:  $PIB = \text{Valor engadido bruto (VEB)} + \text{impostos}$

1) Calcula o Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia para o ano 2011 pola vía do gasto:

Compoñentes do PIB	Miles de €
Importacións de bens e servizos	35.621.214
Consumo	47.993.919
Formación bruta de capital (inversión)	14.848.308
Exportacións de bens e servizos	31.360.817

PIB = .....

2) Cal das seguintes fórmulas empregarías para calcular o PIB pola vía da renda?:

- Consumo+Excedente bruto de explotación (beneficios das empresas)+Remuneración de asalariados (soldos e salarios)
- Impostos+Excedente bruto de explotación (beneficios das empresas)-Remuneración de asalariados (soldos e salarios)
- Impostos+Excedente bruto de explotación (beneficios das empresas)+Remuneración de asalariados (soldos e salarios)
- Excedente bruto de explotación (beneficios das empresas)+Remuneración de asalariados (soldos e salarios)-Importacións de bens e servizos

3) Contribúen as seguintes operacións ao cálculo do PIB galego? En caso afirmativo, indica a compoñente na que a incluíras (consumo, inversión, exportacións, importacións, etc.):

a. A venda de peixe a unha empresa conserveira xaponesa por parte dun pescador galego

Verdadeiro  Falso .....

b. A paga semanal dun pai ao seu fillo por axudar nas tarefas do fogar

Verdadeiro  Falso .....

c. A compra dun camiión por parte dunha empresa de transportes

Verdadeiro  Falso .....

d. O salario que cobra un traballador portugués que presta os seus servizos na fábrica de Citroen en Vigo

Verdadeiro  Falso .....

4) Completa a información da táboa referida ao ano 2011 (millóns de euros):

Ramas de actividade	Galicia	España
Agricultura	2.393	25.944
Industria		166.490
Construción	5.741	113.029
Servizos	36.330	
<b>Valor Engadido Bruto (VEB)</b>	<b>53.628</b>	<b>986.230</b>

Cal das tres ramas produtivas ten máis peso en Galicia? ..... %

E en España? ..... %

5) A partir da información da táboa, calcula o PIB por habitante de España e Galicia no ano 2011:

Espazo	PIB (miles de €)	Poboación (miles de persoas)	PIB por habitante
Galicia	58.581.830	2.732,0	
España	1.073.383.000	46.125,2	

Cal dos dous espazos representados goza dun maior PIB per cápita? .....